



II XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

20 de XUÑO de 2017

A Federación Galega de Atletismo organiza a 2ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO en pista, o **martes 20 de xuño, en xornada de tarde**, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO **MODIFICADO**

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **infantil (nas probas indicadas) ata veteranás**.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo **deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal**.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 22:00 horas do domingo anterior** á celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.
Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. Os artefactos para homologar deberánse entregar ata 1 hora antes do inicio das probas.

Art. 6. **Na proba de lonxitude infantil cada clube poderá inscribir a un máximo de 6 rapaces e 6 rapazas.**

Art. 7. **Ás 21.20h será o acto premiación do trofeo ás 3 mellores marcas masculinas e femininas da reunión segundo a táboa IAAF. Sendo obrigatoria a asistencia dos premiados para poder participar en sucesivas xornadas.**

Art. 8. O **HORARIO PROVISIONAL** é o seguinte:

O HORARIO DEFINITIVO, en función dos inscritos, publicaráse **o luns 19 de XUÑO**.



HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
SALTO LONXITUDE (cad e superiores)	17:30	LANZAMENTO XAVELINA (cad e superiores)
	17:30	SALTO DE ALTURA (cad e superiores)
	17:30	100 mv (0.76)
	17:40	100 mv (0.84)
100 mv (0.91)	17:50	
110 mv (0.91-1.00-1.06)	18:00	
	18:10	80 ml (infantil)
80 ml (infantil)	18:20	
SALTO LONXITUDE (infantil)	18:30	SALTO LONXITUDE (infantil)
	18:35	100 ml
LANZAMENTO XAVELINA (cad e superiores)	18:45	
SALTO DE ALTURA (cad e superiores)	19:00	
100 ml	18:50	
	19:10	300 ml
300 ml	19:20	
	19:30	200 ml
	19:45	SALTO LONXITUDE (cad e superiores)
200 ml	19:45	
400mv	20:00	
1500 ml	20:10	
	20:20	1500 ml
600 ml	20:30	
	20:40	1000 ml
	20:45	TRIPLE SALTO (cad e superiores)
800 ml	20:50	

- Tabla lonxitude cadete e superiores a 3m
- Tabla lonxitude infantil a 2 m. Todos os participantes disporán de 4 intentos.
- Cadencia salto altura feminina: 1.30-35-1.40-45-50-55-57 de 2 en 2
- Cadencia salto altura masculina: 1.40-50-55-60-65-70-75 de 3 en 3
- **Mínima participación triple salto femenino: 10 m**

Art. 9. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F